


A ESTACIÓN ESPACIAL INTERNACIONAL




S128E006628



O 2 de novembro de 2000 chegaban á Estación Espacial Internacional ou EEI (en inglés, *International Space Station*, ou *ISS*) os seus tres primeiros tripulantes: os rusos Sergei Krikalev e Yuri Gidzenko, xunto co estadounidense William Shepherd




A EEI é un centro de investigación que se está a construír na órbita terrestre. No proxecto participan cinco axencias do espacio: a NASA (EE.UU.), a Axencia Espacial Federal Rusa, a Axencia Xaponesa de Exploración Espacial, a Axencia Espacial Canadiense e a Axencia Espacial Europea (ESA)




© Heavens-Above.com

**Está situada en órbita
arredor da Terra, a
unha altitude de
aproximadamente
360 kilómetros.
Realiza unha órbita
completa máis ou
menos cada 92
minutos. Dependendo
da latitude, da época
do ano e da hora do
día, pode observarse
a simple vista**

A súa historia comezou o 20 de novembro de 1998, cando o cohete ruso *Protón* situou en órbita o módulo, tamén ruso, *Zarya*, deseñado para dotar á EEI da enerxía e propulsión iniciais. Meses máis tarde, a NASA puxo en órbita o nodo *Unity* a través do seu transbordador espacial *Endeavour*. Desde entón estase a realizar, por etapas, a súa construción. O remate dos traballos prevese para 2010





ISS017E012652

Con 108 m de lonxitude por 88 m de anchura, unha masa de 415 t e un volume de 1300 m³, será o enxeño máis amplo e complexo levado ata agora ó espacia polo ser humano. Acollerá ata a sete astronautas, que se irán relevando nas diversas misións científicas, para as que contará con catro laboratorios. Fornecerá a enerxía necesaria os paneis solares máis grandes xamais construídos, cunha potencia de 110 kW. Está dotada tamén de abondosas cámaras e brazos robóticos

Gracias á EEI, hai presenza humana permanente no espacio. A construción e mantemento lévanse a cabo sobre todo por medio de expedicións a cargo das naves rusas *Soyuz* e *Progress*, e o programa do Transbordador espacial (EE.UU.). Ó primeiro, só tiña capacidade para dous astronautas, pero desde maio de 2009, coa chegada da *Expedición 20*, estivo lista para soportar unha tripulación de seis



A EEI supón un
paso máis no
constante impulso
que leva ó ser
humano a buscar
novas fronteiras
físicas e científicas,
sobre todo desde
que tomou
conciencia de que
vivimos nun
pequenísimo punto
do Universo e que
somos quen de
abandoalo para
intentar ver o que
hai máis aló



AUTOR: Alfonso Blanco

MÚSICA: Serenity, de Lisa Gerrard

